Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Morte

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Muller enloitada

Muller que se aparece aos camiñantes cabo da cruz de Poleira no camiño real en Galdo (Viveiro) e en Cabanas (O Vicedo).

É unha ánima que anda penando polos camiños.

É unha muller moi alta, viste totalmente de negro, e ten a cara pálida como a dos defuntos.

A xente que pasa por cabo da cruz aquela deixa alí moedas e alimentos (púcaros de leite).

Quen retire algunha daquelas ofrendas será vítima de grandes males.

BIBLIOGRAFÍA

CUBA, X. R., MIRANDA, X. e REIGOSA, A., Diccionario dos seres míticos galegos [Muller enloitada], Xerais, Vigo, 1999.

"Catálogo dos cruceiros e cruces da Terra de Viveiro", VV.AA., Seminario de estudos Terra de Viveiro, 1996